

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada María Ángeles García Míguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **10/PNC-002690(32902)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co disposto na disposición adicional segunda da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, en cumprimento do disposto na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero:

- 1.- A dirixirse ao Goberno Central para que polos distintos departamentos ministeriais competentes na materia se reestruturen os protocolos para que a valoración do risco de novas agresións e do risco vital complementen as valoracións dos Corpos e Forzas de Seguridade coas informacións das Unidades de Valoración Forense Integral, os centros de saúde, Centros da Muller ou Servizos Sociais, entre outros.
- 2.- A dirixirse ao lexislador estatal para que polas Cortes Xerais se realicen as modificacións legais pertinentes que permitan estender a valoración ás persoas dependentes da parella e outras vítimas directas e secundarias.
- 3.- Establecer plans formativos para a especialización prioritaria dos profesionais das *UVFI*.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 11/07/2018 18:04:36

María Ángeles Garcia Míguez na data 11/07/2018 18:05:09